

# María José Arceo, artista «Estamos comendo plástico»

TEXTO Juana M. Vera FOTO Matthew Joseph

A SÚA INSTALACIÓN *PO FUTURO* PROTAGONIZOU o recente festival Totally Thames de Londres. María José Arceo (1984, Santiago de Compostela), graduada con honor en Fine Art pola Camberwell Art School e posgraduada en Art, Design Education pola Goldsmith University do Reino Unido, percorreu as 40 praias que hai no río Támesis para recoller residuos, sobre todo de plástico, que levou ao seu taller e converteu na esencia da súa instalación, que como unha pegada se estendeu pola cidade. *Plastiquería*, *Neocide* e *Circuitos* son outros dos traballos nos que a artista multidisciplinar visualiza o cataclismo medioambiental que padece a Terra. «Se non reaccionamos pronto e cambiamos os nosos hábitos, dubido que os nosos descendentes cheguen a ser parte deste planeta», advirte.

## Cal foi o teu primeiro traballo como artista?

Os meus primeiros traballos como artista foron executados en metal. Decidín usar este material tras presenciar como coa simple aplicación de lume e aire era capaz, non só de cortar o ferro coma se fose manteiga, senón tamén de transformar un material, prezado pola súa rixidez, estabilidade e dureza, en líquido incandescente. A miña fascinación polo sal xurdiu cando percibín como este mineral altera o seu estado de sólido a líquido tan só pola presenza da humidade no aire.

**Analizar, desde a mirada de artista, a desaparición do mar de Aral, en Asia Central foi un dos seus primeiros traballos relacionados co sal. Por que decidiches facer esta investigación?** O meu interese polo sal derivou dunha viaxe a Polonia, durante o cal visitei as minas de sal de Cracovia. Alí descubrín unha simple escaleira de madeira esquecida e totalmente cuberta por enormes cristais de sal, ata o punto de que só era recoñecible pola súa silueta a contraluz. Tralo meu regreso a Londres, iniciéi unha investigación exhaustiva sobre o sal, na que descubrín o

que por aquel entón, no ano 1991, era o principio dunha das catástrofes medioambientais que provocou a desaparición do cuarto mar interior máis extenso do planeta, o mar de Aral. A total evaporación deste mar foi provocada polo desvío das augas dos seus afluentes cara á irrigación de cultivos masivos de algodón en Rusia. A evaporación da auga deixa como residuos cristais de sal saturados con todo tipo de residuos químicos, tanto naturais como tóxicos. Son estes residuos tóxicos os que xeran as chamadas tormentas de po tóxicas, que provocan serios problemas de saúde na zona.

## Outra das túas creacións foi *Circuitos*, inspirada na súa propia recuperación física, tras un accidente de columna vertebral, no que perdeu a mobilidade das pernas, que logo recuperou. Recuperámonos nós dun accidente como se recupera a Terra? Como sería o mapa de recuperación da Terra, de habelo?

«Planífero» é a peza central das obras que mostrei na miña exposición *Circuitos* que, como sinalas, tratou de ilustrar o proceso de recuperación tralo meu accidente. A peza en si consiste, a modo de proxección xeográfica, no proceso de reconstrución tanto físico como emocional que supuxo a miña recuperación. A súa estrutura está composta por cinco quebracabezas circulares adxacentes que forman conxuntamente o comezo dun trazado en espiral. Cada círculo deliña unha determinada traxectoria e cada traxectoria representa un trazado en espiral, que simboliza unha etapa específica no desenvolvemento da miña vida. As pezas do quebracabezas, que forman estes trazados están feitas con madeira queimada ou con metal, e están trazadas sobre unha superficie de cera. Simbolicamente, o uso da cera alude ao potencial xerminal contido pero non utilizado, mentres que o metal e a madeira representan o potencial utilizado ou vivido. Co uso da madeira queimada, quixen significar o potencial perdido, queimado ou cedido. Mentres que co uso do metal, quixen representar o potencial obtido ou







logrado. Cada peza no quebracabezas é unha causa que á súa vez determina unha serie de posibles variables. Doutra banda, simbolicamente un círculo péchase sobre si mesmo, e por iso representa a unidade, o absoluto. O círculo representa tamén a potencialidade do todo e a nada. O que encerra en si, simboliza as posibilidades infinitas de todo o que é e todo o que pode chegar a ser. A roda da vida. Respecto ao posible mapa da recuperación da Terra, penso que poderíamos dicir que o proceso de recuperación da Terra tamén podería estar representado de forma similar. Cada un dos procesos de manipulación aos que sometemos a Terra determina unha serie de variables ou causas, que á súa vez determinan unha serie de posibles consecuencias ou efectos. A diferenza reside na escala e no número de posibles consecuencias

**No ano 2014 embarcácheste para percorrer o océano Atlántico e analizar a presenza de microplásticos na superficie do mar. Cales foron as conclusións desa investigación e cales as súas consecuencias artísticas?** Fun invitada a unirme a un grupo de 14 mulleres para cruzar o Atlántico tras formar parte da conferencia *Facing Extinction* organizada pola UCA Farham University e polo falecido artista Gustav Metzger. A conferencia estaba dividida en cinco paneis: «Climate change», «Biodiversity», «Technology and resources», «Global systems» e «Food and water». Fun invitada a presentar as miñas conclusións sobre microplásticos nos paneis «Global systems» e «Food and water» xunto a artistas, científicos, ecoloxistas, arquitectos, deseñadores e ata avogados. A intención da conferencia e da viaxe foi explorar, a través dos nosos achados, a acción inmediata e necesaria a longo prazo para evitar a extinción masiva.

**Pensas que a arte pode salvarnos? Salvoute a ti?** Quizais salvarnos non, pero pode poñer en evidencia, ou polo menos cuestionar, a validez dos hábitos que adoptamos sen pensar nas consecuencias que implica a longo prazo o noso desdén cara á natureza.

**Tes afirmado que «Falta conciencia cara ao medio ambiente nos consumidores, tamén nos empresarios e nos grandes produtores de plástico, a quen ninguén pide contas dos vertidos deste material en ríos e océanos». É necesaria unha lexislación universal de obrigado cumprimento, para frear o deterioro da Terra e a vertedura, entre outros residuos, de plástico?** Así é, creo que ata agora a maior parte do ámbito do reciclaxe estivo dirixida ao consumidor. Con todo impuxéronse moi poucas directrices aos produtores, quen son libres de producir

todo tipo de artigos de plástico, como alternativa barata a outros materiais. Pero é en realidade o plástico máis barato que a madeira ou o metal?

**Un anaco de coiro de zapato tarda máis de 2.000 anos en desaparecer dun río, tal e como constataches en investigacións recentes, ao longo das 40 praias que hai á beiras do río Támesis. É unha pegada de sucidade a que deixará o Homo Sapiens ao seu paso pola Terra?** Non a deixou. Xa existe. Moitos dos problemas do medio ambiente, aos que o planeta está facendo fronte derívanse da revolución industrial. Nas miñas anteriores liñas de traballo busquei materiais tanto naturais como artificiais con tendencia a ser alterados por medio da súa exposición a diversas condicións ambientais como a calor, a luz, a humidade, etcétera, co fin de explorar os deseños e as formas que estas alteracións deixan na materia a xeito de representacións visuais de procesos como crecemento, transformación e paso do tempo. Durante os últimos dez anos comecei a usar a palabra pegada literalmente, cando por casualidade comecei a recoller coiro e restos de calzado nas praias do río Támesis ao retirarse a marea. Tras un encontro fortuíto cun arqueólogo no río, descubrín que algúns destes fragmentos procedían da época Tudor (1485-1603), e ata da época romana. Mentres recollía avidamente estas pegadas, digamos literais, e fragmentos de pel curtida, comecei a preguntarme canto tardaría en degradarse unha sola de goma ou de plástico se o coiro, un material biodegradable e natural, pode perdurar centos, ata miles de anos na auga sen chegar a degradarse. Achar a resposta a esta pregunta foi o dispositivo que orixinou a miña presente obsesión coa contaminación de plástico na auga.

**Unha pegada é a forma que lle deches ao traballo sobre os restos de plásticos e outros residuos, que atopaches ao longo destas 40 praias. Un traballo que protagonizou, recentemente, o Festival Totally Thames de Londres. Po futuro é o título que lle deches á obra. Será a esencia do noso paso pola terra unha partícula de po contaminada?** Unha das primeiras observacións que fixen sobre o plástico, mentres o separaba e organizaba por cores, foi ao varrer o meu estudo. Nese momento dinme conta de que quedaban fragmentos de plástico roto no chan. Entón decidín pasar o contido do recolledor por un baruto para separar estes fragmentos do po e a area. Para a miña sorpresa, o po que barutaba era azul, verde, vermello, etcétera. Nese momento comprendín que o po do futuro sería plástico. Trala miña viaxe coa expedición no ano 2014, comprendín que se as partículas de plástico chegaban a romperse en tamaños só visibles a



Imaxe da *Planisphere*, realizado con cera, madeira queimada e soldadura (1997-2007).

través dun microscopio, entón, quizais acabarían evaporándose coa auga. Recentes descubrimentos corroboraron as miñas intuicións de entón. Segundo os mesmos, estas nanopartículas de plástico están presentes na auga e tamén foron achadas en cristais de sal mariño, en pole, mel e ata en pingas de auga de choiva recolleitas en flores. Este suposto po futuro é en realidade xa po do presente.

**Na pegada que forma *Po futuro* encóntanse os cubos, onde introduciches os residuos. Estes cubos evocan a forma dos edificios da cidade. É isto o que quixeches narrarnos para espertar a nosa conciencia cara ao medio ambiente?**

Exactamente. A idea do deseño foi que as gaiolas ou cubos representasen a cidade. Doutra banda, debemos ter en conta que esta pegada só representa o que unha persoa foi capaz de recoller e carrexar. É importante sinalar que para este traballo só contei cun pequeno coche eléctrico para transportar os residuos atopados, o que limitou, en gran medida, as cantidades que puideren rescatar, sendo moitas as ocasións nas que me vin forzada a deixar atrás moito máis plástico do que está presente na obra.

**Por que elixiches forma do cubo para compoñer a pegada e gardar os residuos? *Neocide* foi a primeira obra que realicei con plástico. Co seu formato quixen ilustrar a miña sospeita de que tras afundirse o plástico no fondo dos mares (onde a carencia de luz e calor fai imposible que o plástico se degrade) estes residuos pasarán a acumularse de forma progresiva ata crear**

unha capa impermeable que destruírá os ecosistemas existentes e, co tempo, estes depósitos serán integrados na formación das rochas do futuro. A división de cores nesta obra representa as distintas capas ou estratos destas futuras formacións rochosas. Durante a exposición *Neocide* a xente pedíame datos de cuantificación dos plásticos a través das preguntas: *How much? How many?* Foi así como decidín usar os primeiros cubos con medidas e dimensións referentes ao corpo humano. Nas columnas da miña obra titulada *River Rums Through*, cada cubo mide un pé cúbico e a suma das seis cores (6 pés cúbicos), representa o volume aproximado do corpo humano. Doutra banda, na obra titulada *CUBIT* -de xeito conxunto-, utilicei a medida sagrada dos exipcios e da Antigüidade, o cubit (un cóbado= 45,72 cm.), por iso cada unidade representa nesta obra un cóbado cúbico e a totalidade da peza é de 2,74 cm.

**Nunha das fotografías da túa obra, unha nena, que leva unha boneca nos seus brazos, intenta alcanzar outra boneca que está dentro dun cubo. Que che parece a actitude desta nena?** Non foi a única.

Outros nenos preguntaron se podían comprar algúns dos xoguetes. E na súa primeira noite de instalación no Potters Field Park, dúas das gaiolas foron vandalizadas para remover obxectos do seu interior.

**Pódese educar no respecto cara ao medio ambiente? Cal foi e é a túa experiencia neste sentido?** A maioría do público, co que tratei durante este proxecto non é consciente da enormidade e escala

María José Arceo, artista



Sobre estas liñas, María José Arceo coa súa instalación *Po futuro* e unha imaxe dos cubos con plástico *divididos en cores* da instalación *Somos Mar*.

Á esquerda, aletas da instalación *knives, sand & sea* realizada en 2000 na praia de Foxos.



do problema. Creo que fai falta máis información. Desgraciadamente a xente está moi afeita á retórica que nos inculcaron durante os anos 40 e 50 do pasado século, de que o plástico é un material barato e desbotable.

**Non é fácil cambiar os costumes. É case imposible. Sinceramente, contemplas unha solución para o problema da contaminación?** Quizais nos custe cambiar os costumes, pero se non reaccionamos pronto e non cambiamos os nosos hábitos, dubido que os nosos descendentes cheguen a ser parte do futuro do noso planeta. A natureza é sabia e posúe poder infinito de adaptación, pero coa rapidez na que producimos este problema non creo que a humanidade, nin moitas outras especies, dispoñan do suficiente tempo para adaptarse e sobrevivir a este cataclismo.

**Traerás a España e a Galicia este traballo? Levarálo a outras partes do mundo?** Creo que os custos de transporte serían prohibitivos. Tan só movela de cada unha das súas seis localizacións en Londres supuxo usar dous camións tipo Luton. Penso que o bonito sería refacer a peza con plástico local e as dimensións das caixas serían determinadas polas cantidades e o tipo de produtos recolleitos.

**Visualizas o problema da contaminación medioambiental de forma bela e terrible. As dúas caras da beleza únense na súa obra, estás de acordo?** Si. Tras separar o plástico por cores e tipos o noso cerebro percibe o mesmo contido moi distintamente. O que empezou como pila de lixo mesturado acaba sendo percibido de forma moi distinta polo noso cerebro. As cores fan que a primeira vista a obra pareza moi atractiva. Só ao achegarnos vemos o seu contido e dámonos conta do que en realidade estamos vendo.

**Sobrevives economicamente como artista?** Con moita dificultade. Este proxecto foi posible grazas a subsidios do Arts Council, do Totally Thames river festival, a universidade de King College London, da embaixada holandesa, de British Land (unha compañía de promotores), e dunha empresa de transporte local.

**Ademais dos residuos, que che inspira?** A creatividade non é algo que elixa, senón algo tan necesario para min como comer, beber ou respirar. Non sabería como parar.

**En Plastiquería, aparecen longainzas de plástico e outros produtos. Acabaremos comendo plástico?** O alarmante é que xa o estamos facendo.

**Un estudo recente da Universidade de Lund, Suecia, demostrou que as partículas de plástico danan o cerebro dos peixes e provócanlles trastornos do comportamento. Pódese ensinar a mirar isto na escola?** Non só en peixes, tamén está presente nos nosos corpos e non só afecta ao cerebro, tamén produce infertilidade e, nalgúns casos, ata cambio de sexo. O corpo percibe o plástico coma se se tratase dun exceso de estróxeno, polo que está considerado como un disruptor hormonal. Numerosos científicos estudan a relación entre o plástico e a profusión de certos cancros hormonais como os de peito, próstata, útero, tiroides, etcétera, que cada vez afectan a persoas máis novas. Durante a travesía do Atlántico non só recolleemos mostras da superficie da auga, tamén nos fixemos probas de sangue e de pelo. De trinta substancias tóxicas que analizamos, atopamos 29 nos nosos corpos. Unha das miñas compañeiras de viaxe, toxicóloga especializada en peixes, dedicou anos ao estudo dos esturións no río Missouri. O esturión non posúe o mecanismo doutros peixes, que son capaces de cambiar de sexo en certas circunstancias. Con todo, esta científica observou que numerosos espécimes de esturión contiñan tanto órganos masculinos como femininos.

**Cal é o papel das novas tecnoloxías? Poden axudar salvar a Terra ou aumentarán os residuos?** Un pouco as dúas cousas. En realidade, seguimos tendo problemas en predicir as consecuencias que provoca a longo prazo a nosa manipulación da natureza.

**En que proxectos estás inmersa agora?** O meu obxectivo presente é a cuantificación, visual e conceptual, que reflecta a calofriante magnitude deste problema ata hai pouco imperceptible. Seguirei explorando a proliferación dos residuos de plástico en ambientes mariños, tanto oceánicos como fluviais, e tratarei de poñer de relevo os perigos que estas substancias non biodegradables representan para estes fráxiles ecosistemas. O verdadeiro problema do plástico é que se desfai en partículas microscópicas que chegan a ser nanopartículas. Estes microplásticos xa forman parte das nosas augas e están saturados de todo tipo de substancias tóxicas. Por iso foron denominados «esponxas tóxicas». A incidencia destes microplásticos na auga do mar é tan alta que nalgúns zonas supera á do plancto nunha porcentaxe de 5.1. De momento conténtome con construír esculturas, a modo de cápsulas de tempo transparentes e seladas, como legados visuais que permitan obter a lenta descomposición destas pegadas que deixamos tralos nosos pasos no recurso natural máis valioso do planeta, a auga, o berce de todo ser vivo.